

PROGRAMACIÓN LOOIFP

Versión Docente

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15026418	IES Terra de Soneira	Vimianzo	2025/2026

Datos da programación

Ensinanza			Ciclo formativo/Curso de especialización			Grao	
Graos D: Ciclos formativos			D2ADG000100 - Xestión administrativa			A	
Módulo							
MP0448 - Operacións auxiliares de xestión de tesouraría (1º)							
Tipo de oferta			Modalidade		Réxime dual		Grupo
Réxime xeral-ordinario			Presencial		Xeral		A
Sesións semanais	Horas anuais	Duración Sesións	Sesións anuais	Sesións centro			
6	160	50	192	192			

Profesorado responsable

Docentes
Santano Valle, Adrián

Contido	Páxina
1.1. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo.	3
2.1. Relación e secuencia de unidades didácticas	3
2.2. Asignación de elementos curriculares ás unidades didácticas.	4
3.2. Deseño das unidades didácticas: asignación de elementos curriculares ás actividades.	9
5.1. Procedemento de avaliación inicial.	22
6.1. Criterios de cualificación e recuperación	23
6.2. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	24
6.3. Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua	24
7.1. Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados.	25
8.1. Programación da educación en valores.	25
9.1. Actividades complementarias e extraescolares.	25
10.1. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente.	25
11.1. Outros apartados.	26

1.1. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo.

Segundo o Decreto 191/2010, do 28 de outubro, polo que se establece o currículo do Ciclo Formativo de Grao Medio correspondente ao título de Técnico en Xestión Administrativa, a formación do módulo de Operacións auxiliares de xestión de tesouraría está asociada á unidade de competencia UC0979_2: Realizar as xestións administrativas de tesouraría.

Este módulo profesional, cunha duración de 192 sesións anuais, a razón de 6 sesións por semana, contén a formación necesaria para desempeñar a función de realizar algunhas operacións administrativas establecidas no procedemento de xestión de tesouraría, necesarias para a adecuada xestión financeira da empresa.

Esta función abrangue aspectos como:

- Control de caixa e do banco.
- Identificación dos documentos de cobros e pagos.
- Identificación dos intermediarios financeiros.
- Diferenciación dos instrumentos financeiros.
- Determinación de cálculos financeiros bancarios básicos.
- Aplicación de ferramentas informáticas de xestión de tesouraría.

As actividades profesionais asociadas a esta función aplícanse nos procesos de control da xestión de tesouraría no ámbito empresarial de calquera sector produtivo, necesarios para unha boa xestión financeira.

A presente programación desenvolverase no IES Terra de Soneira, no municipio de Vimianzo (A Coruña), en réxime ordinario, con alumnado procedente, na súa maioría, de municipios limítrofes e da zona rural.

O contido desta programación elabórase co obxectivo central de proporcionar ao alumnado as bases sobre as que se asenta a súa intervención no marco profesional e de traballo da realidade socioeconómica do noso contorno.

Da análise da realidade económica da zona de Vimianzo obsérvase que a maioría das empresas pertencen aos sectores primario e terciario ou de servizos, sendo escasas as empresas do sector industrial.

A formación en empresa, que o alumnado realizará de maneira opcional no primeiro curso, levarase a cabo nas empresas da zona coas que colabora o centro. As formas xurídicas destas empresas son maioritariamente Sociedades Limitadas e individuais, sendo escasas as Sociedades Anónima.

2.1. Relación e secuencia de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións
1	O sistema financeiro español	O sistema financeiro español, a súa estrutura e composición, como base para canalizar o aforro e o investimento dentro da economía.	11	22
2	Operacións bancarias básicas: activas, pasivas e de servizos.	As operacións bancarias básicas que permiten xestionar cobros, pagos e financiamento na empresa.	14	26
3	Actividade aseguradora	O concepto de seguro e os contratos de seguro máis frecuentes que permiten protexer a persoas e empresas fronte a posibles riscos económicos.	9	18
4	Cálculos financeiros básicos: capitalización simple e desconto simple.	Os cálculos financeiros básicos de capitalización simple e desconto simple aplicados a operacións de tesouraría e financiamento empresarial.	19	36
5	Xestión de tesouraría.	Os medios de cobro e pago, os libros de rexistro de tesouraría e os orzamentos de tesouraría como ferramentas para planificar, controlar e rexistrar as operacións financeiras da empresa.	13	24
6	Cálculos financeiros a longo prazo: capitalización composta, rendas e préstamos.	Os cálculos financeiros a longo prazo, incluíndo capitalización composta, rendas e préstamos, aplicados á planificación e xestión de recursos financeiros da empresa.	34	66

2.2. Asignación de elementos curriculares ás unidades didácticas.

UD	Título da UD	Duración
1	O sistema financeiro español	22

Criterios de avaliación	IA	%
RA2 - Realiza os trámites de contratación, renovación e cancelación correspondentes a instrumentos financeiros básicos de financiamento, investimento e servizos desta índole que se utilizan na empresa, e describiuse a finalidade de cada un.		
CA2.1 - Clasifícanse as organizacións, as entidades e os tipos de empresas que operan no sistema financeiro español.	PE	23
CA2.2 - Precísanse as institucións de crédito e as financeiras bancarias e non bancarias, e describíronse as súas principais características.	PE	22
CA2.3 - Diferenciáronse os mercados dentro do sistema financeiro español en relación cos produtos financeiros que se empregan habitualmente na empresa.	PE	22
CA2.4 - Relacionáronse as funcións principais de cada intermediario financeiro.	PE	22
CA2.5 - Diferenciáronse os principais instrumentos financeiros bancarios e non bancarios, e describíronse as súas características.	TO	11

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC2 - Trámite de instrumentos financeiros básicos de financiamento, investimento e servizos
Sistema financeiro, mercados financeiros e intermediarios financeiros.
Composición do sistema financeiro español.
Instrumentos financeiros: clasificación.
Produtos e servizos financeiros.
Rendibilidade do investimento.
Custo do financiamento.

UD	Título da UD	Duración
2	Operacións bancarias básicas: activas, pasivas e de servizos.	26

Criterios de avaliación	IA	%
RA2 - Realiza os trámites de contratación, renovación e cancelación correspondentes a instrumentos financeiros básicos de financiamento, investimento e servizos desta índole que se utilizan na empresa, e describiuse a finalidade de cada un.		
CA2.7 - Identificáronse os servizos básicos que nos ofrecen os intermediarios financeiros bancarios e os documentos necesarios para a súa contratación.	PE	9
CA2.8 - Calculouse a rendibilidade e o custo financeiro dalgúns instrumentos financeiros de investimento.	PE	18
CA2.9 - Operouse con medios telemáticos de banca en liña e afíns.	TO	5
CA2.10 - Formalizáronse documentos relacionados coa contratación, a renovación e a cancelación de produtos financeiros habituais na empresa.	PE	9
RA3 - Efectúa cálculos financeiros básicos, para o que identifica e aplica as leis financeiras correspondentes.		
CA3.7 - Identificáronse os servizos básicos que ofrecen os intermediarios financeiros bancarios, e os documentos necesarios para a súa contratación.	PE	27
RA4 - Efectúa as operacións bancarias básicas e interpreta a documentación asociada.		
CA4.8 - Comparáronse produtos financeiros baixo as variables de custo e rendibilidade.	PE	27
CA4.9 - Utilizáronse ferramentas informáticas específicas do sistema operativo bancario.	TO	5

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC4 - Operacións bancarias básicas
Liquidación de contas bancarias.
Operacións de pasivo e de activo.
Documentación relacionada coas operacións bancarias.
Aplicacións informáticas de operativa bancaria.
Servizos bancarios.

UD	Título da UD	Duración
3	Actividade aseguradora	18

Criterios de avaliación	IA	%
--------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	IA	%
RA2 - Realiza os trámites de contratación, renovación e cancelación correspondentes a instrumentos financeiros básicos de financiamento, investimento e servizos desta índole que se utilizan na empresa, e describiuse a finalidade de cada un.		
CA2.6 - Clasificáronse os tipos de seguros da empresa e os elementos que conforman un contrato de seguro.	PE	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC4 - Operacións bancarias básicas
Actividade aseguradora.

UD	Título da UD	Duración
4	Cálculos financeiros básicos: capitalización simple e desconto simple.	36

Criterios de avaliación	IA	%
RA3 - Efectúa cálculos financeiros básicos, para o que identifica e aplica as leis financeiras correspondentes.		
CA3.1 - Diferenciouse entre as leis financeiras de capitalización simple e de actualización simple.	PE	10
CA3.2 - Calculouse o xuro simple e composto de diversos instrumentos financeiros.	PE	20
CA3.3 - Calculouse o desconto simple de diversos instrumentos financeiros.	PE	20
CA3.4 - Describíronse as implicacións do tempo e do tipo de xuro neste tipo de operacións.	PE	20
RA4 - Efectúa as operacións bancarias básicas e interpreta a documentación asociada.		
CA4.1 - Liquidouse unha conta bancaria e unha de crédito polos métodos máis habituais.	PE	9
CA4.2 - Calculouse o líquido dunha negociación de efectos.	PE	9
CA4.7 - Relacionáronse as operacións financeiras bancarias coa capitalización simple e composta, e o desconto simple.	TO	12

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC3 - Cálculos financeiros básicos
Capitalización simple e composta.
Actualización simple.
Tipo de xuro efectivo ou taxa anual equivalente. Tantos por cento equivalentes.
Comisións bancarias: identificación e cálculo.
BC4 - Operacións bancarias básicas
Operacións bancarias de capitalización e desconto simple e composto.

UD	Título da UD	Duración
5	Xestión de tesouraría.	24

Criterios de avaliación	IA	%
RA1 - Aplica métodos de control de tesouraría e describe as súas fases.		
CA1.1 - Describiuse a función e os métodos do control da tesouraría na empresa.	PE	23
CA1.2 - Diferenciáronse os fluxos de entrada e saída de tesouraría (cobramentos e pagamentos) e a documentación relacionada con eles.	PE	21
CA1.3 - Formalizáronse os libros e os rexistros de tesouraría.	PE	21
CA1.4 - Executáronse as operacións do proceso de arqueamento e cadramento da caixa, e detectáronse as desviacións.	PE	10
CA1.5 - Cotexouse a información dos extractos bancarios co libro de rexistro do banco.	PE	10
CA1.6 - Describíronse as utilidades dun calendario de vencementos en termos de previsión financeira.	PE	5
CA1.7 - Relacionouse o servizo de tesouraría e o resto de departamentos, empresas e entidades externas.	TO	5
CA1.8 - Utilizáronse medios telemáticos, de administración electrónica e outros substitutivos da presentación física dos documentos.	TO	2
CA1.9 - Efectuáronse os procedementos de acordo cos principios de responsabilidade, seguridade e confidencialidade da información.	TO	3

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC1 - Aplicación de métodos de control de tesouraría
Métodos do control de xestión de tesouraría: finalidade e características.
Documentos e medios de cobramento e pagamento da empresa.
Libros de rexistros de tesouraría: caixa, bancos, contas da clientela e provedores, e efectos para pagar e para cobrar.
Control de caixa e banco: arqueamentos e cadramentos de caixa, e conciliación bancaria.
Aplicacións informáticas de xestión de tesouraría.

UD	Título da UD	Duración
6	Cálculos financeiros a longo prazo: capitalización composta, rendas e préstamos.	66

Craterios de avaliación	IA	%
RA3 - Efectúa cálculos financeiros básicos, para o que identifica e aplica as leis financeiras correspondentes.		
CA3.5 - Diferenciáronse os conceptos do tanto nominal e xuro efectivo ou taxa anual equivalente.	PE	20
CA3.6 - Diferenciáronse as características dos tipos de comisións dos produtos financeiros máis habituais na empresa.	PE	10
RA4 - Efectúa as operacións bancarias básicas e interpreta a documentación asociada.		
CA4.3 - Diferenciáronse as variables que interveñen nas operacións de préstamos.	PE	20
CA4.4 - Relacionáronse os conceptos integrantes da cota do préstamo.	PE	20
CA4.5 - Describíronse as características do sistema de amortización de préstamos polos métodos máis habituais.	TO	10
CA4.6 - Calculouse o cadro de amortización de préstamos sinxelos polos métodos máis habituais.	PE	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC3 - Cálculos financeiros básicos
Capitalización simple e composta.
Actualización simple.

Contidos
Tipo de xuro efectivo ou taxa anual equivalente. Tantos por cento equivalentes.
Comisións bancarias: identificación e cálculo.
BC4 - Operacións bancarias básicas
Operacións bancarias de capitalización e desconto simple e composto.
Rendas.
Préstamos: variables, conceptos integrantes da cota de amortización, métodos de amortización e cadro de amortización.

3.2. Deseño das unidades didácticas: asignación de elementos curriculares ás actividades.

UD	Título da UD	Duración
1	O sistema financeiro español	22

	Actividade	Descrición	Duración
1	Sistema financeiro español	Sistema financeiro español: Estrutura e composición	22

Criterios de avaliación

RA2 - Realiza os trámites de contratación, renovación e cancelación correspondentes a instrumentos financeiros básicos de financiamento, investimento e servizos desta índole que se utilizan na empresa, e describiuse a finalidade de cada un.

CA2.1 - Clasifícaronse as organizacións, as entidades e os tipos de empresas que operan no sistema financeiro español.

CA2.2 - Precisáronse as institucións de crédito e as financeiras bancarias e non bancarias, e describíronse as súas principais características.

CA2.3 - Diferenciáronse os mercados dentro do sistema financeiro español en relación cos produtos financeiros que se empregan habitualmente na empresa.

CA2.4 - Relacionáronse as funcións principais de cada intermediario financeiro.

CA2.5 - Diferenciáronse os principais instrumentos financeiros bancarios e non bancarios, e describíronse as súas características.

Contidos

BC2 - Trámite de instrumentos financeiros básicos de financiamento, investimento e servizos

C2.1 - Sistema financeiro, mercados financeiros e intermediarios financeiros.

C2.2 - Composición do sistema financeiro español.

C2.3 - Instrumentos financeiros: clasificación.

C2.4 - Produtos e servizos financeiros.

C2.5 - Rendibilidade do investimento.

C2.6 - Custo do financiamento.

Obxectivos específicos

Clasificar e organizar, as entidades e os tipos de empresas que operan no sistema financeiro español

Precisar as institucións de crédito e as financeiras bancarias e non bancarias, e describir as súas principais características

Diferenciar os mercados dentro do sistema financeiro español en relación cos produtos financeiros que se empregan habitualmente na empresa

Relacionáronse as funcións principais de cada intermediario financeiro

Diferenciar os principais instrumentos financeiros bancarios e non bancarios e describir as súas características

Resultados ou produtos

Caderno do alumno cos exercicios plantexados e correxidos polo profesor

Recursos específicos

Ordenador, proxector e material facilitado polo profesor

UD	Título da UD	Duración
2	Operacións bancarias básicas: activas, pasivas e de servizos.	26

	Actividade	Descrición	Duración
1	Operacións bancarias de activo	Coñecer e clasificar as principais operacións de activo, diferenciar entre préstamo e crédito, e analizar o proceso de contratación dun préstamo, distinguindo entre préstamos persoais e hipotecarios.	9

Criterios de avaliación

RA2 - Realiza os trámites de contratación, renovación e cancelación correspondentes a instrumentos financeiros básicos de financiamento, investimento e servizos desta índole que se utilizan na empresa, e describiuse a finalidade de cada un.

CA2.10 - Formalizáronse documentos relacionados coa contratación, a renovación e a cancelación de produtos financeiros habituais na empresa.

RA4 - Efectúa as operacións bancarias básicas e interpreta a documentación asociada.

CA4.8 - Comparáronse produtos financeiros baixo as variables de custo e rendibilidade.

Contidos

BC4 - Operacións bancarias básicas

C4.5 - Operacións de pasivo e de activo.

C4.6 - Documentación relacionada coas operacións bancarias.

Obxectivos específicos

Establecer diferenzas entre préstamo e crédito

Analizar o procedemento de contratación dun préstamo, distinguindo entre persoais e hipotecarios

Identificar e analizar a figura do aval en operacións de préstamo

Resultados ou produtos

Caderno do alumno cos exercicios plantexados e corregidos polo profesor

Recursos específicos

Ordenador, proxector e material facilitado polo profesor

	Actividade	Descrición	Duración
2	Operacións de captación de recursos das entidades bancarias e operacións de pasivo.	Clasificación e normas das contas, segundo o número de titulares, liquidación de saldos e uso correcto dos cheques.	12

Criterios de avaliación

RA2 - Realiza os trámites de contratación, renovación e cancelación correspondentes a instrumentos financeiros básicos de financiamento, investimento e servizos desta índole que se utilizan na empresa, e describiuse a finalidade de cada un.

CA2.8 - Calculouse a rendibilidade e o custo financeiro dalgúns instrumentos financeiros de investimento.

Contidos

BC4 - Operacións bancarias básicas

C4.2 - Liquidación de contas bancarias.

C4.5 - Operacións de pasivo e de activo.

C4.6 - Documentación relacionada coas operacións bancarias.

Obxectivos específicos

Analizar as operacións bancarias que se poden realizar nunha entidade de crédito e establecer unha clasificación das mesmas

Recoñecer as operacións bancarias de pasivo máis habituais

Analizar o procedemento a seguir para a apertura dunha conta bancaria

Analizar a operativa das contas correntes, de aforro e os depósitos e imposicións a prazo fixo

Recoñecer a documentación básica das operacións de pasivo

Resultados ou produtos

Caderno do alumno cos exercicios plantexados e correxidos polo profesor

Recursos específicos

Ordenador, proxector e material facilitado polo profesor

	Actividade	Descrición	Duración
3	Servizos bancarios.	Xestión de tarxetas bancarias e transferencias, cobro de operacións, compra e venda de divisas e outros servizos financeiros complementarios.	5

Criterios de avaliación

RA2 - Realiza os trámites de contratación, renovación e cancelación correspondentes a instrumentos financeiros básicos de financiamento, investimento e servizos desta índole que se utilizan na empresa, e describiuse a finalidade de cada un.

CA2.7 - Identificáronse os servizos básicos que nos ofrecen os intermediarios financeiros bancarios e os documentos necesarios para a súa contratación.

CA2.9 - Operouse con medios telemáticos de banca en liña e afíns.

RA3 - Efectúa cálculos financeiros básicos, para o que identifica e aplica as leis financeiras correspondentes.

CA3.7 - Identificáronse os servizos básicos que ofrecen os intermediarios financeiros bancarios, e os documentos necesarios para a súa contratación.

RA4 - Efectúa as operacións bancarias básicas e interpreta a documentación asociada.

CA4.9 - Utilizáronse ferramentas informáticas específicas do sistema operativo bancario.

Contidos

BC4 - Operacións bancarias básicas

C4.7 - Aplicacións informáticas de operativa bancaria.

C4.8 - Servizos bancarios.

Obxectivos específicos

Analizar os distintos servizos que ofrecen as entidades de crédito

Analizar as características principais das tarxetas de débito e de crédito

Coñecer a forma de realizar domiciliacións e transferencias bancarias

Analizar o custo dos diferentes servizos

Resultados ou produtos

Caderno do alumno cos exercicios plantexados e correxidos polo profesor

Recursos específicos

Ordenador, proxector e material facilitado polo profesor

UD	Título da UD	Duración
3	Actividade aseguradora	18

	Actividade	Descrición	Duración
1	A actividade aseguradora	Estudo do concepto de seguro, os seus elementos persoais e materiais, o contrato de seguro e os distintos tipos de seguros existentes.	18

Criterios de avaliación

RA2 - Realiza os trámites de contratación, renovación e cancelación correspondentes a instrumentos financeiros básicos de financiamento, investimento e servizos desta índole que se utilizan na empresa, e describiuse a finalidade de cada un.

CA2.6 - Clasificáronse os tipos de seguros da empresa e os elementos que conforman un contrato de seguro.

Contidos

BC4 - Operacións bancarias básicas

C4.9 - Actividade aseguradora.

Obxectivos específicos

Introducir ao alumnado na actividade aseguradora, identificando os distintos produtos de seguros e a súa contratación

Analizar a póliza de seguros, as súas características, elementos, obrigas das partes e risco asegurable

Identificar as características principais dos seguros máis habituais

Clasificar os tipos de seguros da empresa e os elementos que conforman un contrato de seguro

Resultados ou produtos

Caderno do alumno cos exercicios plantexados e correxidos polo profesor

Recursos específicos

Ordenador, proxector e material facilitado polo profesor

UD	Título da UD	Duración
4	Cálculos financeiros básicos: capitalización simple e desconto simple.	36

	Actividade	Descrición	Duración
1	Capitalización simple	Estudo das características e elementos do interese simple, cálculo do montante e determinación dos tipos equivalentes.	18

Criterios de avaliación

RA3 - Efectúa cálculos financeiros básicos, para o que identifica e aplica as leis financeiras correspondentes.

CA3.1 - Diferenciouse entre as leis financeiras de capitalización simple e de actualización simple.

CA3.2 - Calculouse o xuro simple e composto de diversos instrumentos financeiros.

CA3.4 - Describíronse as implicacións do tempo e do tipo de xuro neste tipo de operacións.

RA4 - Efectúa as operacións bancarias básicas e interpreta a documentación asociada.

CA4.1 - Liquidouse unha conta bancaria e unha de crédito polos métodos máis habituais.

Contidos

BC3 - Cálculos financeiros básicos

C3.1 - Capitalización simple e composta.

C3.3 - Tipo de xuro efectivo ou taxa anual equivalente. Tantos por cento equivalentes.

BC4 - Operacións bancarias básicas

C4.1 - Operacións bancarias de capitalización e desconto simple e composto.

Obxectivos específicos

Diferenciar entre as leis financeiras de capitalización simple e de actualización simple

Calcular o xuro simple de diversos instrumentos financeiros

Describir as implicacións do tempo e do tipo de xuro neste tipo de operacións

Analizar o funcionamento dunha conta de crédito e practicar liquidacións sinxelas de contas de crédito

Recoñecer os mecanismos de liquidación das contas bancarias

Analizar o sistema de capitalización simple, identificando os elementos que interveñen no mesmo

Resultados ou produtos

Caderno do alumno cos exercicios plantexados e correxidos polo profesor

Recursos específicos

Ordenador, proxector e material facilitado polo profesor

	Actividade	Descrición	Duración
2	Desconto simple	Definición e tipos de desconto, cálculo do importe neto da negociación de efectos e análise da equivalencia financeira.	18
Criterios de avaliación RA3 - Efectúa cálculos financeiros básicos, para o que identifica e aplica as leis financeiras correspondentes. CA3.3 - Calculouse o desconto simple de diversos instrumentos financeiros.			
RA4 - Efectúa as operacións bancarias básicas e interpreta a documentación asociada. CA4.2 - Calculouse o líquido dunha negociación de efectos. CA4.7 - Relacionáronse as operacións financeiras bancarias coa capitalización simple e composta, e o desconto simple.			
Contidos BC3 - Cálculos financeiros básicos C3.2 - Actualización simple. C3.4 - Comisións bancarias: identificación e cálculo.			
Obxectivos específicos Realizar cálculos financeiros básicos relacionados co desconto simple Calcular o desconto simple de diversos instrumentos financeiros Describir as implicacións do tempo e do tipo de xuro neste tipo de operacións Realizar liquidacións de desconto de efectos			
Resultados ou produtos Caderno do alumno cos exercicios plantexados e corregidos polo profesor			
Recursos específicos Ordenador, proxector e material facilitado polo profesor			

UD	Título da UD	Duración
5	Xestión de tesouraría.	24

	Actividade	Descrición	Duración
1	Medios de cobro e pago	Identificación dos medios de cobro e pago máis utilizados na empresa, incluíndo letras de cambio, recibos, cheques e pagarés	7

Criterios de avaliación

RA1 - Aplica métodos de control de tesouraría e describe as súas fases.

CA1.2 - Diferenciáronse os fluxos de entrada e saída de tesouraría (cobramentos e pagamentos) e a documentación relacionada con eles.

CA1.8 - Utilizáronse medios telemáticos, de administración electrónica e outros substitutivos da presentación física dos documentos.

CA1.9 - Efectuáronse os procedementos de acordo cos principios de responsabilidade, seguridade e confidencialidade da información.

Contidos

BC1 - Aplicación de métodos de control de tesouraría

C1.1 - Métodos do control de xestión de tesouraría: finalidade e características.

C1.2 - Documentos e medios de cobramento e pagamento da empresa.

Obxectivos específicos

Describir a función e os métodos do control da tesouraría na empresa

Diferenciar os fluxos de entrada e saída de tesouraría (cobros e pagos) e a documentación relacionada con eles

Resultados ou produtos

Caderno do alumno cos exercicios plantexados e correxidos polo profesor

Recursos específicos

Ordenador, proxector e material facilitado polo profesor

	Actividade	Descrición	Duración
2	Libros de rexistro de tesouraría.	Xestión da tesouraría mediante o rexistro de movementos en libros de caixa e bancos, control de efectos comerciais e uso de libros de contas correntes.	7

Criterios de avaliación

RA1 - Aplica métodos de control de tesouraría e describe as súas fases.

CA1.1 - Describiuse a función e os métodos do control da tesouraría na empresa.

CA1.3 - Formalizáronse os libros e os rexistros de tesouraría.

CA1.4 - Executáronse as operacións do proceso de arqueamento e cadramento da caixa, e detectáronse as desviacións.

CA1.5 - Cotexouse a información dos extractos bancarios co libro de rexistro do banco.

Contidos

BC1 - Aplicación de métodos de control de tesouraría

C1.3 - Libros de rexistros de tesouraría: caixa, bancos, contas da clientela e provedores, e efectos para pagar e para cobrar.

Obxectivos específicos

Formalizar os libros e os rexistros de tesouraría

Executar as operacións do proceso de arqueamento e cadramento da caixa, e detectar as desviacións

Cotexar a información dos extractos bancarios co libro de rexistro do banco

Resultados ou produtos

Caderno do alumno cos exercicios plantexados e corregidos polo profesor

Recursos específicos

Ordenador, proxector e material facilitado polo profesor

	Actividade	Descrición	Duración
3	Orzamentos de tesouraría.	Concepto de orzamento de tesouraría, elaboración e análise e interpretación dos mesmos para planificar a liquidez empresarial.	10

Criterios de avaliación

RA1 - Aplica métodos de control de tesouraría e describe as súas fases.

CA1.6 - Describíronse as utilidades dun calendario de vencementos en termos de previsión financeira.

CA1.7 - Relacionouse o servizo de tesouraría e o resto de departamentos, empresas e entidades externas.

Contidos

BC1 - Aplicación de métodos de control de tesouraría

C1.4 - Control de caixa e banco: arqueamentos e cadramentos de caixa, e conciliación bancaria.

C1.5 - Aplicacións informáticas de xestión de tesouraría.

Obxectivos específicos

Describir as utilidades dun calendario de vencementos en termos de previsión financeira

Relacionar o servizo de tesouraría e o resto de departamentos, empresas e entidades externas

Utilizar medios telemáticos, de administración electrónica e outros substitutivos da presentación física dos documentos

Efectuar os procedementos de acordo cos principios de responsabilidade, seguridade e confidencialidade da información

Resultados ou produtos

Caderno do alumno cos exercicios plantexados e correxidos polo profesor

Recursos específicos

Ordenador, proxector e material facilitado polo profesor

UD	Título da UD	Duración
6	Cálculos financeiros a longo prazo: capitalización composta, rendas e préstamos.	66

	Actividade	Descrición	Duración
1	Capitalización composta	Estudo das características e elementos, fórmula xeral, tipo nominal, tipos equivalentes e taxa anual equivalente (TAE).	30

Criterios de avaliación

RA3 - Efectúa cálculos financeiros básicos, para o que identifica e aplica as leis financeiras correspondentes.

CA3.5 - Diferenciáronse os conceptos do tanto nominal e xuro efectivo ou taxa anual equivalente.

CA3.6 - Diferenciáronse as características dos tipos de comisións dos produtos financeiros máis habituais na empresa.

Contidos

BC3 - Cálculos financeiros básicos

C3.1 - Capitalización simple e composta.

C3.3 - Tipo de xuro efectivo ou taxa anual equivalente. Tantos por cento equivalentes.

C3.4 - Comisións bancarias: identificación e cálculo.

BC4 - Operacións bancarias básicas

C4.1 - Operacións bancarias de capitalización e desconto simple e composto.

Obxectivos específicos

Analizar o sistema de capitalización composta, identificando os elementos que interveñen no mesmo

Establecer diferenzas entre capitalización simple e composta

Realizar cálculos financeiros relacionados coa capitalización composta

Diferenciar os tipos de xuros: nominal, efectivo e taxa anual equivalente

Calcular o xuro composto de diversos instrumentos financeiros

Describir as implicacións do tempo e do tipo de xuro neste tipo de operación

Calcular a TAE das operacións

Resultados ou produtos

Caderno do alumno cos exercicios plantexados e corregidos polo profesor

Recursos específicos

Ordenador, proxector e material facilitado polo profesor

--

	Actividade	Descrición	Duración
2	Rendas	Concepto e clasificación, así como cálculo do valor actual e valor final dunha renda segundo o seu tipo.	18
Criterios de avaliación RA4 - Efectúa as operacións bancarias básicas e interpreta a documentación asociada. CA4.6 - Calculouse o cadro de amortización de préstamos sinxelos polos métodos máis habituais.			
Contidos BC3 - Cálculos financeiros básicos C3.2 - Actualización simple. BC4 - Operacións bancarias básicas C4.3 - Rendas.			
Obxectivos específicos Analizar os elementos que interveñen nunha renda e realizar unha clasificación das mesma Realizar cálculos financeiros básicos relacionados cas rendas Introducir ao alumnado nalgúnhas operacións financeiras de rendas Describir as implicacións do tempo e do tipo de xuro neste tipo de operacións			
Resultados ou produtos Caderno do alumno cos exercicios plantexados e correxidos polo profesor			
Recursos específicos Ordenador, proxector e material facilitado polo profesor			

	Actividade	Descrición	Duración
3	Préstamos	Concepto, elementos e clasificación, xunto co cadro de amortización segundo os distintos métodos de cálculo.	18
Criterios de avaliación RA4 - Efectúa as operacións bancarias básicas e interpreta a documentación asociada. CA4.3 - Diferenciáronse as variables que interveñen nas operacións de préstamos.			

CA4.4 - Relacionáronse os conceptos integrantes da cota do préstamo.
CA4.5 - Describíronse as características do sistema de amortización de préstamos polos métodos máis habituais.
Contidos BC4 - Operacións bancarias básicas C4.4 - Préstamos: variables, conceptos integrantes da cota de amortización, métodos de amortización e cadro de amortización.
Obxectivos específicos Diferenciar as variables que interveñen nas operacións de préstamo Relacionar os conceptos integrantes da cota do préstamo Describir as características do sistema de amortización de préstamos polos métodos máis habituais Calcular o cadro de amortización de préstamos sinxelos polos métodos máis habituais
Resultados ou produtos Caderno do alumno cos exercicios plantexados e correxidos polo profesor
Recursos específicos Ordenador, proxector e material facilitado polo profesor

5.1. Procedemento de avaliación inicial.

En cumprimento da lexislación vixente, Orde do 12 de xullo de 2011, no seu artigo 28, co obxectivo de valorar as habilidades, destrezas, actitudes, coñecementos e dificultades coas que o alumnado se enfronta a este módulo, realizarase unha sondaxe previa. Esta poderá levarse a cabo oralmente ou complementando un cuestionario con preguntas abertas sobre aspectos xerais relacionados co módulo, co fin de obter información individualizada de cada alumno e alumna.

Terá por obxecto coñecer as características e capacidades do alumnado, así como a súa formación previa e os coñecementos que posúe sobre a materia obxecto de estudo, todo isto encamiñado a tomar as medidas de reforzo ou flexibilización que se estimen oportunas. Así mesmo, ao inicio do curso, consultarase co Departamento de Orientación para coñecer se existen dificultades diagnosticadas que poidan afectar á expresión oral ou escrita, á capacidade de abstracción, á correcta utilización das fontes de información, á aplicación da lóxica na resolución de problemas, ao dominio das técnicas de estudo máis elementais, etc.

Para a realización da avaliación inicial teranse en conta os seguintes aspectos:

- Expediente do alumnado.
- Cuestionario inicial da Xunta.
- Recoller a motivación do alumnado de cara á realización dos estudos correspondentes a este C.C.F.F.
- Indagar acerca dos coñecementos básicos que o alumnado poida ter en relación cos contidos deste módulo.
- Detectar se existe algunha dificultade no alumnado que impida o normal seguimento do módulo, requirindo para elo os informes pertinentes.

Ademais, durante as primeiras semanas do curso prestarase especial atención á participación do alumnado nas clases e ás dificultades que poidan atopar.

As conclusións acadadas sinalaranse nunha posta en común sobre o grupo a realizar polo equipo docente, en referencia ás características xerais do grupo e ás circunstancias particulares, con incidencia educativa, de determinados alumnos ou alumnas.

Esta avaliación inicial serve para detectar o nivel do alumnado antes de comezar o curso e os problemas de aprendizaxe concretos que poidan presentar. Como instrumento, de ser necesario, pódense empregar probas escritas mediante cuestionarios sinxelos, entrevistas, etc.

6.1. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	11	14	9	19	13	34	100
Proba escrita	89	90	100	88	90	90	90
Táboa de observación	11	10	0	12	10	10	10

Procedemento e criterios de cualificación:

O proceso de ensino-aprendizaxe programarase fundamentalmente baseándose na realización dunha serie de actividades de aprendizaxe teórico-prácticas, de forma individual e/ou en grupo, que teñen como finalidade fomentar a iniciativa do alumnado e o proceso de autoaprendizaxe, desenvolvendo as súas capacidades de comprensión e análise.

O proceso para acadar unha avaliación positiva concrétese nos criterios de avaliación reflectidos na programación.

O procedemento de avaliación deste módulo responde á modalidade de avaliación ordinaria ao longo de todo o proceso formativo do alumnado, polo que ten un carácter continuo, sendo necesaria a asimilación total dos conceptos e metodoloxías expostas en cada unidade temática.

Por este motivo, e tratándose dun ensino presencial, será obrigatoria a asistencia e a puntualidade do alumnado ás actividades de aula programadas para o módulo.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

En termos xerais, tomaranse como referencia os resultados de aprendizaxe que o alumnado debe acadar neste módulo, xunto cos criterios de avaliación establecidos no correspondente currículo.

A cualificación numérica expresarase entre un e dez puntos, sen decimais, considerándose superada positivamente a avaliación trimestral cando se obteña unha puntuación igual ou superior a cinco (5).

PONDERACIÓNS ESPECÍFICAS

En termos específicos, para a determinación da nota teranse en conta tanto os coñecementos teórico-prácticos adquiridos polo alumnado como o procedemento de traballo na aula.

Polo tanto, a cualificación de cada avaliación trimestral resultará das seguintes ponderacións:

A) Cualificarase cun 90 % a nota media das probas obxectivas (exames) realizadas en cada avaliación. B) Cualificarase cun 10 % o conxunto dos seguintes aspectos:

- Resolución de traballos e casos prácticos propostos na aula, coa finalidade de coñecer e valorar o grao de seguimento e asimilación dos contidos por parte do alumnado.

A nota final do módulo coincidirá coa nota da segunda avaliación, no caso de que o módulo estea superado. No caso contrario, establecerase o procedemento de recuperación das partes non superadas.

O profesor valorará estes aspectos mediante a observación directa durante o desenvolvemento das tarefas na aula.

A valoración deste apartado quedará rexistrada no caderno do profesor, onde figurarán de forma individualizada as cualificacións correspondentes.

C) Para superar positivamente a avaliación de cada trimestre do curso, o alumnado deberá obter unha nota igual ou superior a cinco (5), conforme ás ponderacións establecidas anteriormente.

Outros tipos de probas, traballos ou presentacións, incluídas as realizadas a través de ferramentas telemáticas, deberán efectuarse nas condicións e prazos que indique o profesor ou profesora.

Procedemento e criterios de recuperación

1. No caso de que a cualificación da 1.ª, 2.ª ou 3.ª avaliación sexa inferior a 5 puntos, o alumnado deberá realizar as recuperacións oportunas mediante as probas de coñecemento ou de produtos e/ou desempeños que, de xeito individual, obtiveron unha cualificación inferior a 5 puntos.

2. As actividades de recuperación desenvolveranse no período establecido no mes de xuño, aínda que, ao longo do curso, poderanse programar recuperacións para cada proba non superada. O obxectivo destas medidas é que o alumnado aprenda dos propios erros e sexa capaz de corrixilos.

A cualificación final do módulo calcularase como a media aritmética das notas das tres avaliacións, sendo necesario ter superadas todas e cada unha delas para o cálculo desta media.

En materia de validacións e exencións atenderase, tal como establece o artigo 40 da Orde do 12 de xullo de 2011, ao disposto nos artigos 52 e 53 do Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da Formación Profesional.

6.2. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O alumnado con módulos pendentes deberá realizar unha proba de recuperación final, que terá unha estrutura teórico-práctica. A proba basearase nos resultados de aprendizaxe, criterios de avaliación e contidos mínimos establecidos na programación. Para superar o módulo, será necesario obter unha nota igual ou superior a 5 puntos en cada unha das partes da proba (teórica e práctica). Así mesmo, a profesora poderá propoñer a realización de actividades de recuperación previas a esta proba final.

6.3. Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua

Conforme se determina no artigo 25 da Orde do 12 de xullo de 2011, os alumnos e alumnas que superen o límite máximo de inasistencias (10% das horas do módulo) sen xustificar perderán o dereito á avaliación continua, debendo presentarse a un exame final único, teórico-práctico, a celebrar nas datas establecidas polo Departamento no mes de xuño.

1. O alumnado perderá a avaliación continua ao alcanzar un 10% de faltas.

2. Elaborarase unha proba combinada que permita cualificar os Criterios de Avaliación (CA) do módulo. Esta proba conterá instrucións de realización con indicación de tempos máximos e a cualificación máxima por preguntas ou apartados. Consistirá nun exame escrito dividido en dúas partes: un cuestionario tipo test e casos prácticos.

3. O alumnado estará exento de examinarse das partes superadas antes da perda da avaliación continua. Isto significa que non deberá responder aos casos prácticos relacionados con esas partes superadas. Esta situación será comunicada individualmente ao alumnado afectado.

4. O cuestionario conterá un número suficiente de preguntas para avaliar todos os CA do módulo. Para obter unha avaliación positiva nesta parte, deberán estar correctamente contestadas polo menos o 60% das preguntas. As respostas incorrectas non penalizarán.

5. A parte de casos prácticos constará dun número suficiente de supostos que permita avaliar os CAs do módulo. Estes serán corrixidos mediante táboas de indicadores con catro niveis de logro: completo/excelente (100% da cualificación do indicador), case completo/bo (75%), aceptable/mínimo (50%) e insuficiente (0% a 40%).

Determinación da perda do dereito á avaliación continua

Para establecer a perda do dereito á avaliación continua terase en conta o disposto no artigo 25.3 da Orde do 12 de xullo de 2011: o número de faltas que implica a perda do dereito á avaliación continua nun módulo será do 10% respecto da súa duración total.

Para estes efectos, o profesorado valorará as circunstancias persoais e laborais do alumnado na xustificación das faltas, cuxa aceptación será conforme ao regulamento de réxime interior do centro. Este alumnado poderá seguir asistindo ás clases con carácter presencial, salvo en actividades que impliquen riscos, tal e como establece a normativa vixente (artigo 25.4: o profesorado poderá non permitir a realización de determinadas actividades aos alumnos e alumnas que perderan o dereito á avaliación continua, sempre que poidan supoñer algún tipo de risco para si mesmos, o resto do grupo ou as instalacións).

Para informar ao alumnado, o centro realizará un seguimento diario da asistencia. Ademais, enviará un apercibimento cando as faltas superen o 6% da duración total do módulo, indicando que perderá o dereito á avaliación continua se se acumula un 10% de inasistencia. Ao alcanzar esta porcentaxe, comunicarse formalmente a perda do dereito á avaliación continua.

7.1. Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados.

Co fin de posibilitar que todo o alumnado acade os contidos reflectidos na programación, propónse o seguimento do traballo diario para valorar a evolución do alumnado, así como a realización de tarefas complementarias destinadas a reforzar os contidos.

8.1. Programación da educación en valores.

As capacidades persoais e sociais de carácter transversal que se abordarán na aula mediante as actividades de ensino e aprendizaxe son as seguintes:

- Participar de xeito activo, cunha actitude crítica e responsable.
- Intervir nas actividades da empresa con respecto e actitude de tolerancia.
- Colaborar no traballo en equipo respectando a xerarquía establecida na organización.
- Valorar a diversidade de opinións como fonte de enriquecemento, recoñecendo outras prácticas, ideas ou crenzas, co obxectivo de resolver problemas e adoptar decisións adecuadas.
- Recoñecer os dereitos e deberes propios como axente activo na sociedade democrática.
- Analizar e valorar a participación, o respecto, a tolerancia e a igualdade de oportunidades para garantir a efectividade do principio de igualdade entre homes e mulleres

9.1. Actividades complementarias e extraescolares.

Conxuntamente cos Departamentos de Orientación, Administrativo, Formación e Orientación Laboral, e Economía, levaranse a cabo diferentes actividades ao longo do curso, entre as que destacan:

1. Visitas a empresas da zona, co obxectivo de coñecer o contorno socioeconómico da comarca.
 2. Visitas a organismos públicos, na medida do posible, para comprender o funcionamento e a organización dunha administración pública, tales como o Concello, Facenda, Seguridade Social, Parlamento de Galicia, entre outros.
 3. Charlas e coloquios con membros do tecido empresarial da comarca, para favorecer o coñecemento práctico do mundo empresarial e as súas dinámicas.
- A data de realización destas actividades determinarase en función da planificación anual e das posibilidades de cada departamento.

10.1. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente.

Mensualmente realizarase unha valoración do grao de desenvolvemento e cumprimento da programación, así como do seguimento desta por parte do alumnado, xustificando razoablemente os posibles desvíos.

En canto á metodoloxía didáctica empregada, específica do módulo, levarase a cabo un proceso de avaliación continua.

O proceso de avaliación da aprendizaxe do alumnado realízase coa finalidade de coñecer e valorar o grao de comprensión e adquisición individual de coñecementos, así como de detectar as deficiencias ou erros na asimilación de conceptos e procesos que a profesora deba ter en conta no desenvolvemento das seguintes unidades.

O equipo docente reunirse periodicamente para realizar o seguimento da programación e comprobar a adecuación da práctica docente ao inicialmente programado.

A programación será revisada ao inicio de cada curso académico, á vista da experiencia do curso anterior e doutras circunstancias que poidan influír no seu desenvolvemento.

11.1. Outros apartados.